

Juárez, delegado do goberno na Galiza e Currás o 2º ex-alcalde imputado de Compostela premiados

XAN DO CAN - ABORDAXE :: 28/10/2014

Quiero transmitir a los nuevos 51 inculpados para que queden bien “tranquilos”, que en su día ya recibirán también sus recompensas. Es de ley

Galego

Hoxe que ata os meus ouvidos chegan noticias de detencións de ata 51 persoeiros de Madrid, Murcia, Valencia e León, a maioría do PP mais también habelos hainos do PSOE e independentes; chamo dende aquí a que non se preocupen, que mau será que en pouco tempo non lles dean a dirección dunha empresa pública ou un destino mellor.

Iso é o que ven de suceder con o denostado Samuel Juárez, azoute de calqueira galega que se movera un pouco sen pedir permiso, quen ven de recibir un seu premio consistente nun cargo diplomático en China, concretamente en Pequín e relacionado coa agricultura. Juárez ten entre seus maiores méritos sementar a idea de que na Galiza houbera un grupo terrorista, facer medrar a idea de que hai un triangulo anarquista con os seus vértices móbiles que van desde Lugo ou Vigo ata Italia ou Grecia a mantenta ou ao chou e recoleitar multas de manifestantes anti-cárceres anti-despexos ou pro-lingua ou pro calqueira dereito que se reclamara; poida que de aí que vai destinado a un cargo de agricultura.

Mais non foi o único premiado nestes días: también quen fora o 2º alcalde desta lexislatura en Santiago de Compostela, Ángel Currás, acusado de corrupción e pendente de xuizo, ven de ser nomeado, moi axeitadamente o meu parecer, como máximo dirixente da empresa pública encargada do lixo e das lixeiras, TRAGSA. Sen dúbida que saberá moverse entre a merda como na súa propia casa.

Así que dende aquí, quero transmitir aos novos 51 inculpados en que fiquen ben “tranquis”, que no seu día xa recibirán también as súas recompensas. É de lei.

Castellano

Hoy que hasta mis oídos llegan noticias de detenciones de hasta 51 personas de Madrid, Murcia, Valencia y León, la mayoría del PP pero también habelos hailos del PSOE e independientes; llamo desde aquí a que no se preocupen, que malo será que en poco tiempo no les den la dirección de una empresa pública o un destino mejor.

Eso es lo que acaba de suceder con el denostado Samuel Juárez, azote de cualquier galega que se moviera un poco sin pedir permiso, quien acaba de recibir un premio consistente en un cargo diplomático en China, concretamente en Pequín y relacionado con la agricultura.

Juárez tiene entre sus mayores méritos sembrar la idea de que en Galiza hay un grupo terrorista, hacer crecer la idea de que existe un triángulo anarquista con sus vértices móviles que van desde Lugo o Vigo hasta Italia o Grecia con el objetivo de recolectar multas de manifestantes anti-cárceles anti-desahucios o pro-lengua o pro cualquier derecho que se reclamara, puede que de ahí sea que vaya destinado a un cargo de agricultura.

Pero no ha sido el único premiado en estos días: también quien fuera el 2º alcalde de esta legislatura en Santiago de Compostela, Ángel Currás, acusado de corrupción y pendiente de juicio, acaba de ser nombrado, muy adecuadamente, a mi parecer, como máximo dirigente de la empresa pública encargada de la basura y de las basureras, TRAGSA. Sin duda que sabrá moverse entre la mierda como en su propia casa.

Así que desde aquí, quiero transmitir a los nuevos 51 inculcados para que queden bien “tranquilos”, que en su día ya recibirán también sus recompensas. Es de ley.

<https://galiza.lahaine.org/juarez-delegado-do-goberno-na>